# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES CARLOS CASARES
CICLO: ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA
MODULO: Primeiros auxilios
DEPARTAMENTO: Servizos á comunidade
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
Preguntas e respostas de 7 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación do desenvolvemento do terceiro trimestre nas ensinanzas de Formación Profesional

# ÍNDICE

1. **Avaliación e cualificación.**

2. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

3. **Información e publicidade.**

| 1. Avaliación e cualificación | | |
|---|---|---|
| ***Actividades de recuperación e reforzo***<br>*RA e CA a recuperar polo alumnado con UDs pendentes* | Atendendo ao establecido na programación do módulo no apartado 6.a, os alumnos/as que non superen a avaliación parcial de marzo, deberán facer actividades de recuperación ata a avaliación final de xuño. Ditas actividades están recollidas na programación e consistirán na revisión do material de estudo desenvolvido ata ese momento, con especial atención aos contidos mínimos establecidos na programación (apartado 5). A continuación detállanse os RA e CA das distintas UUDD:<br>**UD1 Introdución aos primeiros auxilios. Valoración da situación da emerxencia.**<br>RA: 1, 2, 3<br>CA: 1.1, 1.2, 1.4, 1.5, 1.6, 1.8, 1.9, 1.10, 2.1, 2.2, 2.7, 2.10, 3.6<br>**UD2 Valoración inicial do paciente nunha urxencia.Técnicas de Soporte Vital Básico (SVB)**<br>RA: 2, 3<br>CA: 2.2, 2.4, 2.7, 3.1, 3.3, 3.4<br>**UD3 O botiquín de primeiros auxilios**<br>RA: 1, 3<br>CA: 1.3, 3.6<br>**UD4 Atención inicial nas urxencias de diferente índole. Procedemento de inmobilización e mobilización.**<br>RA: 1, 2, 3<br>CA: 1.7, 2.5, 2.6, 2.8, 2.9, 3.2<br>**UD5 Apoio psicolóxico e autocontrol nos primeiros auxilios**<br>RA: 4<br>CA: 4.1, 4.2, 4.3, 4.4, 4.5, 4.6, 4.7, 4.8 | *Procedementos:*<br>Observación sistemática do traballo do alumno/a respecto a entrega das tarefas encomendadas no tempo e forma establecidos.<br>*Instrumentos:*<br>Caderno de clase: tarefas prácticas (gravación de vídeos) e teóricas (actividades de busca de información) relacionadas cos contidos das UUDD pendentes. |
| ***Actividades de repaso***<br>*Avaliación favorable para alumnado que realiza favorablemente actividades* | CONTIDOS MÍNIMOS:<br>Conceptualización dos primeiros auxilios: actores implicados.<br>O sistema de emerxencias.<br>Implicacións legais das actuacións de primeiros auxilios.<br>Fundamentos da respiración e circulación.<br>A secuencia básica de actuacións (Protexer, Alertar e Socorrer).<br>Prioridades de atención en múltiples vítimas: métodos de tríaxe simple.<br>Avaliación da posibilidade de traslado. Técnicas de mobilización.<br>Posicións de espera e seguridade.<br>Sentimentos e reaccións habituais | *Procedementos:*<br>Observación sistemática do traballo do alumno/a respecto a entrega das tarefas encomendadas no tempo e forma establecidos.<br>*Instrumentos:*<br>Caderno de clase: tarefas prácticas (gravación de vídeos) e teóricas (actividades de busca de información) relacionadas cos contidos mínimos contemplados do apartado 5 da programación. |

| | | |
|---|---|---|
| | ante unha emerxencia.<br>O estres e o seu afrontamento positivo.<br>O comportamento do socorrista: autocontrol e habilidades comunicativas.<br>Afrontamento do fracaso nos primeiros auxilios.<br>Situación e características da caixa de primeiros auxilios.<br>O contido da caixa de primeiros auxilios.<br>Características dos materiais e medicamentos a empregar en urxencias.<br>Conceptualización da parada cardiorespiratoria (PCR).<br>A cadea de socorro.<br>Reanimación cardiopulmonar (RCP) en adultos, nenos e lactantes.<br>Desobstrución de vías aéreas (OVACE) en adultos, nenos e lactantes.<br>Utilización do DESA. | |
| ***Actividades de Ampliación***<br>*RA e CA asociados, previstos para a 3ª avaliación, que sexan imprescindibles* | **UD 4 Atención inicial nas urxencias de diferente índole. Procedemento de inmobilización e mobilización:**<br>RA3 Aplica procedementos de inmobilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.<br>CA1.7 Describíronse e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.<br>CA2.6 Indicáronse as lesións, as patoloxías e os traumatismos máis frecuentes.<br>CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.<br>**UD 5 Apoio psicolóxico e autocontrol nos primeiros auxilios:**<br>RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.<br>CA4.1 Describíronse as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e coas acompañantes.<br>CA4.5 Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó.<br>CA4.6 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade, angustia ou agresividade. | *Procedementos:*<br>Observación sistemática do traballo do alumno/a respecto a entrega das tarefas encomendadas no tempo e forma establecidos.<br>*Instrumentos:*<br>Caderno de clase: tarefas prácticas (gravación de vídeos) e teóricas (actividades de busca de información) das UUDD previstas para desenvolver na 3ª avaliación. |

| | |
|---|---|
| ***Cualificación final*** | *Procedemento para a cualificación final de curso:*<br>A partir da media aritmética das avaliacións anteriores, sempre que esta sexa superior aos 5 puntos, poderase subir a cualificación ata un máximo de 2 puntos co traballo realizado neste 3º trimestre.<br>O alumnado cuxa media sexa inferior aos 5 puntos, terá a opción de acadar o aprobado mediante a realización dun traballo de recuperación e a partir de aí optar á subida da cualificación co traballo realizado neste trimestre.<br>O alumnado cuxa media sexa superior aos 5 puntos tendo unha das avaliacións anteriores suspensa, tamén terá que realizar o traballo de recuperación correspondente para optar á subida da nota media final.<br>A cualificación dos 2 puntos de subida distribuirase de xeito proporcional ao número de tarefas entregadas en tempo en forma sobre o total das tarefas encomendadas. |
| ***Alumnado con materia pendente*** | O alumnado que non acade a recuperación das UUDD pendentes mediante traballos e a súa media aritmética final sexa inferior a 5 puntos, terá dereito á realización dunha proba final en xuño de carácter teórico-práctico sobre os contidos abordados no módulo.<br>A proba cualificarase sobre 10 (5 puntos por cada proba), sendo preciso obter a lo menos un 2,5 en cada unha das partes (teórica e práctica respectivamente). Cada unha das partes terá unha duración máxima de 2 horas e media. |

| **2. Metodoloxía e actividades 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)** | |
|---|---|
| **Actividades** | As actividades serán as contempladas na programación adaptadas as actuais circunstancias, é dicir, aquelas que permitan o seu desenvolvemento por vía telemática. |
| **Metodoloxía** | Observación da conexión do alumno/a a aula virtual e seguimento das actividades da materia.<br>Contacto telemático co alumnado para a resolución de dúbidas.<br>Flexibilidade nos prazos de entrega das tarefas (prazos amplos). |
| **Materiais e recursos** | Aula virtual do centro.<br>Acceso ao libro media dixital do módulo para o visionado de vídeos sobre supostos prácticos. |

| 3. Información e publicidade | |
| --- | --- |
| **Información ao alumnado** | O alumnado será informado a través do foro de novas da materia na aula virtual. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro |